



# PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2017-2021

## Informe de avaliación

Elaborado polo Instituto Galego de Estatística, informado polo Consello Galego de Estatística e trasladado ao Parlamento cumprindo o artigo 4 da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do PGE 2017-2021.

## Índice

Obxectivos do PGE 2017-2021.....	3
1. Avaliación dos obxectivos informativos.....	5
1.1 Satisfacción das metas de información.....	5
1.2 Satisfacción de perspectiva de xénero.....	8
1.3 Satisfacción das liñas de actuación salientables.....	9
2. Avaliación dos obxectivos instrumentais.....	12
3. Avaliación dos obxectivos de calidade.....	16
4. Avaliación do plan mediante o seguimento dos programas anuais.....	22
4.1 Programación, execución e calendario ao longo dos programas.....	22
4.2 Programación e execución por consellerías.....	26
Anexo I. Actividades programadas por meta de información.....	39
Anexo II. Apartado específico de estatística dentro da web das consellerías.....	69
Anexo III. Detalle da satisfacción da perspectiva de xénero.....	73
Anexo IV. Detalle da programación das actividades inventariadas.....	83
Anexo V. Lei do PGE 2017-2021.....	91

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

---

### Obxectivos do PGE 2017-2021

O Plan Galego de Estatística 2017-2021 (PGE), aprobado como Lei 15/2016, do 28 de xullo, é o instrumento de planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma. O PGE desenvólvese mediante programas estatísticos anuais (PEA), que inclúen as actuacións a realizar para cumprir os seus obxectivos.

A lei 15/2016 establece que o IGE elaborará un informe de avaliación do plan, que aprobará o Consello Galego de Estatística e se trasladará ao Parlamento. A finalidade deste informe é determinar o nivel de execución dos obxectivos do plan, que se reproducen a continuación:

### TÍTULO I Planificación da actividade estatística

#### CAPÍTULO I Obxectivos

##### Artigo 5. Obxectivo central

1. O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o Sistema estatístico público galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade ao tempo que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e mais da cidadanía, coa adecuación aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, a minimización das molestias ás e aos informantes e a garantía do segredo estatístico.

2. Este obxectivo central desenvólvese en:

a) Obxectivos informativos, que comprenden os temas por abordar para responder ás metas de información, á perspectiva de xénero e ás liñas de actuación salientables. Para satisfacelos, os programas anuais incluírán operacións e actividades estatísticas.

b) Obxectivos instrumentais, que pretenden conseguir metodoloxías máis sólidas, procedementos estatísticos axeitados, diminución da carga de resposta e aumento na eficiencia. Para satisfacelos, os programas incluírán actividades de interese estatístico.

c) Obxectivos de calidade, que fixan as características desexables das estatísticas. Para satisfacelos, os programas incluírán actividades de interese estatístico axustadas ás demandas e necesidades da poboación galega.

##### Artigo 6. Obxectivos informativos

1. O plan inclúe as metas relacionadas no anexo II, que son os obxectivos específicos de información do quinquenio. Para que a oferta estatística sexa relevante e facilite a comparanza temporal con outros períodos, conservaranse as metas con difusión de resultados do PGE 2012-2016, sen prexuízo da inclusión doutras novas.

2. As metas de información clasifícanse nas áreas e seccións temáticas do anexo I. Para a súa avaliación consideraranse as operacións e as actividades estatísticas dos programas con difusión de resultados.

3. Consonte o establecido no artigo 9 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de



## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

---

Galicia en materia de igualdade, todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que recaden datos sobre persoas físicas deberán recoller e difundir por sexo.

4. Como liñas de actuación salientables, profundarase na análise das seguintes materias: demografía, estrutura sociolaboral, estrutura sociocultural, cohesión territorial, conxuntura económica e estrutura económica.

### **Artigo 7. Obxectivos instrumentais**

1. O Instituto Galego de Estatística implantará unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico da Comunidade Autónoma.

2. Realizarase investigación estatística e cooperarase coa comunidade científica e outras institucións para mellorar os métodos e procedementos.

3. Intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas e estableceranse os procedementos de colaboración entre as persoas propietarias e as autoridades estatísticas para garantir a calidade da información.

4. Utilizaranse as fontes xa existentes para evitar que se dupliquen as solicitudes de información.

5. Aproveitarase o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as comunicacións para optimizar as formas tradicionais de recollida e difusión de información e mais para explorar a potencialidade das novas fontes de información masiva.

6. Consolidaranse e profesionalizaranse os órganos estatísticos sectoriais.

### **Artigo 8. Obxectivos de calidade**

Son obxectivos de calidade:

1. Relevancia: as estatísticas deseñaranse consonte as necesidades das persoas usuarias. Analizaranse o interese e a utilidade das estatísticas.

2. Precisión e fiabilidade: as estatísticas tentarán reflectir a realidade axeitadamente. Avanzarase na validación das operacións estatísticas.

3. Oportunidade e puntualidade: as estatísticas divulgaranse consonte un calendario e seguindo as recomendacións europeas sobre a súa comunicación.

4. Coherencia e comparabilidade: as estatísticas realizaranse sobre a base de normas comúns con respecto ao alcance, as definicións, as unidades e as clasificacións. Promoveranse a normalización e a homoxeneidade de métodos que permitan comparar a información proporcionada polo Sistema estatístico de Galicia con respecto ao estatal e ao europeo.

5. Accesibilidade: as estatísticas difundiranse nun sitio web específico, doadamente accesible, acompañadas de metadatos.

6. Transparencia: reforzarase a transparencia das estatísticas.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### 1. Avaliación dos obxectivos informativos

#### 1.1 Satisfacción das metas de información


As metas constitúen obxectivos específicos de información, cuxa avaliación dependerá das operacións e actividades estatísticas dos programas, sempre que a súa execución conduza á difusión de resultados.

O anexo I de cada programa inclúe as metas coas operacións e actividades estatísticas que se realizarán para satisfacelas<sup>1</sup>. Unha meta cualifícase como satisfeita nun programa cando a execución dalgunha destas operacións ou actividades finaliza coa difusión dos resultados previstos, desbotando as que non concluíron a súa fase de difusión. No período de vixencia do plan resultaron satisfeitas 96 das 101 metas previstas, o que representa unha cobertura do 95%, porcentaxe que foi superada nas áreas de temática tecnolóxica e territorial.

**Táboa 1.1 Metas satisfeitas nos programas**

	2017	2018	2019	2020	2021	PGE 2017-2021
Metas satisfeitas no programa anual/Plan	80	84	86	87	83	96
<b>Índice de satisfacción PEA/PGE</b>	<b>79,2</b>	<b>83,2</b>	<b>85,1</b>	<b>86,1</b>	<b>82,2</b>	<b>95,0</b>

**Gráfico 1.1 PGE 2017-2021. Cobertura das metas por área**




O plan rematou con 148 estatísticas consolidadas e asociadas con 91 metas das 101 formuladas para o período (90,0%). De considerarmos que as 117 que estaban consolidadas ao comezo do plan xa satisfacían 87 desas 101 metas (86,1%), resulta un incremento de case 4 puntos porcentuais entre graos de satisfacción inicial e final. No entanto, a cobertura de cada programa resultou inferior á de partida, agás no de 2020, no que se iguala.

<sup>1</sup> As estatísticas vencéllanse ás metas consonte ao establecido no inventario e actualízanse en función das que figuran no anexo I de cada programa. A asignación pódese modificar logo de comprobar os resultados difundidos.


## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

**Gráfico 1.2 Satisfacción das metas por área e programa**



*Nota: A liña azul é a % de metas satisfeitas coas estatísticas consolidadas.*

**Gráfico 1.3 Evolución da satisfacción das metas en cada área**



*Nota: A liña azul é a % de metas da área satisfeitas coas estatísticas consolidadas.*

O índice de satisfacción inicial por área foi superado en todos os programas na de territorio, recursos e medio (10 metas). Pola contra, nas de estrutura produtiva (37 metas) e temática social (44 metas) o conseguido cada ano non chegou a mellorar o grao de satisfacción de partida. A área de coñecemento e tecnoloxía (10 metas) xa rexistraba a máxima cobertura coas estatísticas consolidadas e a mantivo en todos os programas.

Na seguinte táboa, na que figuran agrupadas por áreas e seccións as metas do plan e as coberturas conseguidas con cada programa e no quinquenio, predominan as porcentaxes

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

máximas e só as relacionadas coa cultura e a actividade empresarial quedaron finalmente cubertas por baixo do 67%.

No anexo I complétase esta información co detalle das estatísticas programadas e ligadas con cada meta.

**Táboa 1.2 Metas e índice de satisfacción por programa**

Áreas e seccións	Nº metas	Índice de satisfacción (%)					
		2017	2018	2019	2020	2021	2017/2021
<b>Territorio, recursos naturais e medio</b>	<b>10</b>	<b>100</b>	<b>80,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>
1.1 Territorio e recursos naturais	4	100	75,0	100	100	100	100
1.2 Medio ambiente	6	100	83,3	100	100	100	100
<b>Sociedade</b>	<b>44</b>	<b>77,3</b>	<b>84,1</b>	<b>77,3</b>	<b>79,5</b>	<b>70,5</b>	<b>93,2</b>
2.1 Poboación e fogares	4	50,0	100	50,0	100	50,0	100
2.2 Sanidade	6	100	100	100	83,3	83,3	100
2.3 Educación e capital humano	7	85,7	100	71,4	71,4	71,4	100
2.4 Traballo	10	90,0	90,0	90,0	100	90,0	100
2.5 Condicións sociais	11	81,8	81,8	81,8	81,8	72,7	90,9
2.6 Cultura e lecer	4	25,0	25,0	50,0	25,0	0,0	50,0
2.7 Vivenda	2	50,0	50,0	50,0	50,0	100	100
<b>Estrutura produtiva</b>	<b>37</b>	<b>70,3</b>	<b>78,4</b>	<b>86,5</b>	<b>86,5</b>	<b>86,5</b>	<b>94,6</b>
3.1 Sector agrario	7	14,3	85,7	100	100	85,7	100
3.2 Pesca e acuicultura	5	60,0	80,0	60,0	60,0	60,0	80,0
3.3 Enerxía e industria	2	100	100	100	100	100	100
3.4 Construción	1	100	100	100	100	100	100
3.5 Servizos de mercado	5	100	100	100	100	100	100
3.6 AA.PP e servizos non de mercado	4	50,0	50,0	50,0	75,0	75,0	100
3.7 Mercados e prezos	5	100	100	100	100	100	100
3.8 Actividade empresarial	3	66,7	33,3	66,7	66,7	66,7	66,7
3.9 Sistema de contas	5	100	60,0	100	80,0	100	100
<b>Coñecemento e tecnoloxía</b>	<b>10</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>
4.1 Sociedade da información	6	100	100	100	100	100	100
4.2 Ciencia e tecnoloxía	4	100	100	100	100	100	100
<b>Total</b>	<b>101</b>	<b>79,2</b>	<b>83,2</b>	<b>85,1</b>	<b>86,1</b>	<b>82,2</b>	<b>95,0</b>

De todo o anterior podemos concluír que:

- Partindo da cobertura do 86% que proporcionaban as estatísticas consolidadas ao comezo do plan conseguíuse un 95% de satisfacción final.
- De cara ao período 2022-2026 recuperáronse catro metas do plan 2012-2016: Incendios forestais; Montes veciñais e comunidades de montes; Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións; Produción, distribución e consumo de enerxía.
- Cómpre desdobrar en dúas a meta sobre estática e dinámica da poboación.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### 1.2 Satisfacción da perspectiva de xénero

O artigo 6.3 da lei do plan recolle o establecido no 9 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, de xeito que as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero, concretando que as programadas nas que se recaden datos de persoas físicas débense recoller e difundir por sexo.

O punto de partida para comprobar como se satisfai a perspectiva de xénero son as 51 operacións e 56 actividades que, potencialmente, poderían ofrecer información con ese detalle. Delas, 38 e 40, respectivamente, estaban obrigadas a facelo, mentres que as 29 restantes poderían contribuír, aínda que non tiñan como referencia a individualizada de cada persoa. Non se inclúen nesta primeira análise dúas operacións de temática directamente vencellada co xénero, que se estudan separadamente no anexo III: Explotación do Rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo e Estatística de violencia de xénero.

Logo de avaliar a perspectiva en cada estatística susceptible de difundir por sexo (anexo III), elabóranse os seguintes indicadores globais:

- **IndicadorXeneroTécnico:** porcentaxe de operacións cuxo proxecto recolle difusión por sexo. No denominador figuran as susceptibles de desagregación.
- **CoberturaMediaXeneroTécnico:** media das porcentaxes de información a difundir por sexo segundo o proxecto.
- **IndicadorXeneroDifusión:** porcentaxe de operacións e actividades con difusión por sexo. No denominador figuran as susceptibles de desagregación.
- **CoberturaMediaXeneroDifusión:** media das porcentaxes de información difundida efectivamente por sexo.

**Táboa 1.3 Indicadores globais da perspectiva de xénero**

Área	Posible detalle por xénero			Proxecto técnico (PT) Só calculado para operacións			Difusión efectiva		
	Total	OE	AE	PT con difusión por xénero	Indicador xénero técnico	Cobertura media	OE ou AE con difusión por xénero	Indicador xénero difusión	Cobertura media
Territorio, recursos e medio	1	1	0	0	0%	0%	0	0%	0%
Sociedade	74	36	38	28	78%	66%	65	88%	66%
Estrutura produtiva	17	8	9	8	100%	92%	12	71%	53%
Coñecemento e tecnoloxía	13	7	6	2	29%	26%	6	46%	35%
<b>Total</b>	<b>107</b>	<b>51</b>	<b>56</b>	<b>38</b>	<b>75%</b>	<b>62%</b>	<b>85</b>	<b>79%</b>	<b>58%</b>

*Nota: O total non coincide coa suma por área porque hai estatísticas en máis dunha. Tampouco se clasifican por área as non vencelladas directamente cunha meta: 9999-01-OE05 Sistema indicadores complementarios para o seguimento do PDR; 9999-03-AE05 Indicadores de contexto da economía galega; 9999-02-AE05 Indicadores de contexto do PDR; 0004-01-AE05 Panorama rural e urbano; 0004-02-AE05 Panorama dos sete grandes concellos; 0004-03-AE05 Distribución das características da poboación galega por cuadrícula de 1 km<sup>2</sup>; 8000-01-OE05 Indicadores de xénero.*



## Informe de avaliación do PGE 2017-2021


No caso das operacións, o proxecto técnico prevé desglosar por xénero o 75% das susceptibles de facelo, cunha cobertura media do 62%.

Por áreas temáticas, salienta a de estrutura produtiva, que acada o 100% e o 92% nos dous indicadores. A natureza dos contidos explica que a máis feble sexa a relacionada co territorio.

O 79% das operacións e actividades estatísticas capaces de publicar datos detallados por xénero o fan, cunha cobertura media do 58%, porcentaxes superadas na área de temática social.

Analizando os colectivos de operacións consolidadas nos tres últimos plans, obsérvase certa tendencia á estabilización das coberturas medias técnica e de difusión, acompañada de lixeiras diminucións nos outros dous indicadores, en parte polo incremento desta categoría de operacións.

**Gráfico 1.4 Evolución da perspectiva de xénero nas operacións consolidadas**



No anexo III analízanse con máis detalle a satisfacción da perspectiva de xénero e os resultados dos indicadores globais.

### 1.3 Satisfacción das liñas de actuación salientables

As liñas de actuación salientables son temas de interese xeral non concretados nas metas e que se satisfán con actuacións desenvolvidas dentro das actividades de interese estatístico (AIE) e con outras programadas ao efecto.

A súa finalidade é reforzar os obxectivos informativos do plan, profundando nas materias de demografía, estrutura sociolaboral, cohesión territorial, conxuntura económica e estrutura económica.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### LAS 1. Demografía

Durante a vixencia do plan executáronse dez actuacións estatísticas concretas para satisfacer esta LAS, que se concentraron nos primeiros anos.

**Táboa 1.4 Actuacións programadas para cumprir a LAS 1**

Actuacións	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Estudo das cargas poboacionais que soportan as diversas divisións territoriais	X				
Estudo do grao de urbanización nas seccións censuais	X				
Estudo da poboación residente en establecementos colectivos	X	X			
Estudo das cifras poboacionais de referencia en 1 de xullo de cada ano	X				
Estudo para relacionar distintas bases de datos sociodemográficas dispoñibles no IGE	X	X			
Análise de indicadores derivados nas proxeccións demográficas		X			
Estudo da hipótese migratoria nas proxeccións de poboación			X		
Estudo de indicadores migratorios			X		
<b>Actuacións englobadas na AIE09. Análise estatística da poboación e dos fogares</b>					
Análise das proxeccións de poboación en Galicia	X				
Informe sobre as cifras de poboación	X	X	X	X	X

### LAS 2. Estrutura sociolaboral

A estrutura sociolaboral como liña salientable abordouse coas catro actuacións da táboa seguinte, todas realizadas no ano previsto, agás a terceira, sen avances significativos no 2020 e completada no derradeiro programa.

**Táboa 1.5 Actuacións programadas para cumprir a LAS 2**

Actuacións	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Estudo de extensións na información recibida da S.S	X	X			
Estudo da proxección de taxas de actividade			X		
Análise lonxitudinal na mostra continua de vidas laborais			X	X *	X
Estudo para a descomposición da fenda salarial				X	

\* Non se avanzou neste estudo.

### LAS 3. Estrutura sociocultural

Non se levaron a cabo actuacións específicas que contribuíran a satisfacer este obxectivo.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### LAS 4. Cohesión territorial

Para estudar a cohesión territorial programouse unha actuación nos dous primeiros anos e tres actividades de periodicidade anual. Os panoramas incluíronse en todos os programas e a distribución da poboación por cuadrícula de 1 km<sup>2</sup> incorporouse no 2020.

**Táboa 1.6 Actuacións programadas para cumprir a LAS 4**

Actuacións	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Estudo xeolocalización das empresas sediadas en Galicia	X	X			
<b>Actividades estatísticas</b>					
0004-01-AE05 Panorama rural e urbano	X	X	X	X	X
0004-02-AE05 Panorama dos sete grandes concellos	X	X	X	X	X
0004-03-AE05 Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 km <sup>2</sup>				X	X

### LAS 5. Conxuntura económica

Para seguir profundando na análise da conxuntura económica abordáronse once actuacións, seis con regularidade e dentro da actividade de interese estatístico AIE13.

**Táboa 1.7 Actuacións programadas para cumprir a LAS 5**

Actuacións	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Estudo da relación entre fontes conxunturais e estruturais nas contas económicas de Galicia	X	X	X		
Previsión do crecemento do PIB trimestral de Galicia	X				
Migración de TRAMO-SEATS a JDemetra+			X		
Estudo das vacantes nas empresas galegas e do grao de utilización da capacidade produtiva do sector servizos				X	X
Análise da dispoñibilidade de nova información sobre prezos para a contabilidade trimestral					X
<b>Actuacións englobadas na AIE13. Análise estatística da conxuntura económica</b>					
Informe sobre a enquisa trimestral de custo laboral	X	X	X	X	X
Informe sobre afiliacións á Seguridade Social	X	X	X	X	X
Informe sobre comercio exterior	X	X	X	X	X
Informe sobre o índice de comercio polo miúdo	X	X	X	X	X
Informe sobre o índice de produción industrial	X	X	X	X	X
Informe sobre os indicadores de actividade e do VEB do sector servizos	X	X	X	X	X

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### LAS 6. Estrutura económica

A estrutura económica como liña de actuación salientable tratouse con quince actuacións, cinco encadradas na AIE14, que se programa para elaborar estudos sobre sectores específicos.

O 2017 foi especialmente produtivo, con cinco actuacións que se completaron ca análise do sector téxtil, confección e calzado.

**Táboa 1.8 Actuacións programadas para cumprir a LAS 6**

Actuacións	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Estimación da renda municipal dos fogares. Fontes para a estimación en base 2010 e enlace de series	X				
Estudo das contas por sectores institucionais	X	X			
Análise dos fluxos co resto das CC.AA. dos principais produtos	X				
Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo	X				
Crecemento potencial e output gap de Galicia	X				
Emprego asociado ao PIB municipal		X	X		
Estudo sobre a redución dos tempos de publicación das contas do sector fogares			X		
Estudo sobre a formación bruta de capital fixo por sector institucional e tipo de activo			X	X	X
Estudo da implantación de datos económicos no directorio de empresas e unidades locais de Galicia				X	X
Estudo de métodos e fontes estatísticas para elaborar unha análise do sector do deporte.					X
Actuacións englobadas na AIE14. Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral					
Análise da cadea forestal				X	
Análise da minería e fabricación de produtos minerais non metálicos		X			
Análise do sector agroalimentario			X		
Análise do sector da automoción					X
Análise do sector téxtil, confección e calzado	X				

### 2. Avaliación dos obxectivos instrumentais

O plan establecía seis obxectivos instrumentais relacionados cos procesos para organizar, recoller, elaborar e difundir información, para abordar con actividades de interese estatístico. No seu período de vixencia non se programou ningunha relacionada co sexto sobre consolidación e profesionalización dos órganos estatísticos sectoriais.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### Obxectivo instrumental 1. O IGE implantará unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico da Comunidade Autónoma

Para cumprilo programáronse dúas actuacións na AIE01. O curso de novas ferramentas de Big Data ofreceuse no 2020, pero a EGAP non o incluíu no programa formativo dese ano.

**Táboa 2.1 Actuacións programadas para cumprir o obxectivo instrumental 1**

Actuacións englobadas na AIE01 Perfeccionamento profesional do sistema estatístico de Galicia	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Curso sobre introdución ás novas ferramentas de Big Data para analizar datos				X*	X
Outras actuacións formativas para o perfeccionamento profesional do sistema estatístico de Galicia	X*	X*	X**	X*	X*

\* Non se realizaron ou completaron as actuacións.

\*\* Impartíuse un seminario sobre uso das webs das oficinas estatísticas europea, estatal e autonómica.

### Obxectivo instrumental 2. Realizarase investigación estatística e cooperarase coa comunidade científica e outras institucións para mellorar métodos e procedementos

Este obxectivo cubriuse programando sete actuacións, unha anual dentro da AIE02 e seis de relacións externas, que se materializaron actualizando o observatorio transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal e participando en grupos de traballo con outras institucións.

**Táboa 2.2 Actuacións programadas para cumprir o obxectivo instrumental 2**

Actuacións englobadas na AIE02 I+D+i na actividade estatística	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Prácticas de estudantes do máster interuniversitario en técnicas estatísticas	X*	X	X	X	X
<b>Actuacións englobadas na AIE03 Relacións externas en materia de estatística</b>					
Actualización do observatorio transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal	X**		X	X	X
Grupo de traballo do CITE sobre análise de métodos de estimación e fontes estatísticas nas contabilidades rexionais de España e dos institutos estatísticos das CC.AA			X	X	
Grupo de traballo do CITE sobre métodos de contabilidade rexional SEC 2010: CRE-Sistema de contas económicas dos órganos centrais de estatística das CC.AA		X			
Grupo de traballo do CITE sobre métodos e fontes para estimar as ramas industriais non manufactureiras nos sistemas de contas económicas do INE e das CC.AA					X
Grupo de traballo do CITE: Nodo de interoperabilidade estatística (interSTAT)					X***
Grupo de traballo do grupo institucional de CC.AA. Indicadores Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible				X	X

\* Non houbo demandantes.

\*\* Non se actualizou.

\*\*\* Non se realizaron actuacións.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### Obxectivo instrumental 3. Intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas e estableceranse procedementos de colaboración entre as persoas propietarias e as autoridades estatísticas para garantir a calidade da información

En relación con este obxectivo executouse unha actuación dentro das de interese estatístico AIE05.

**Táboa 2.3 Actuacións programadas para cumprir o obxectivo instrumental 3**

Actuacións englobadas na AIE05 Catalogación e difusión da información estatística	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Recompilación e difusión de resultados estatísticos de Galicia	X	X	X		X

Nos anos 2017 e 2018 tamén se abordou dentro da LAS1 un estudo para relacionar as bases de datos do IGE, que foi a orixe dunha base sociodemográfica construída con diversas fontes administrativas e estatísticas e que se incorporou ao PEA 2019 dentro da AIE06 sobre tecnoloxías da información e das comunicacións para o proceso estatístico. O paso seguinte foi programar unha explotación de dita base: 0004-03-AE05 Distribución das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 km<sup>2</sup>.

No 2017 empregouse a mesma LAS para realizar un estudo sobre cargas poboacionais soportadas no territorio, que afondaba na combinación de fontes administrativas e que tamén evolucionou cara a unha programación regular coa actividade: 2102-04-AE06 Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia. Un estudo realizado entre 2017 e 2018 sobre extensións na información recibida da Seguridade Social, agora dentro da LAS 2, e outro de 2021 relacionado coa estimación da renda municipal dos fogares tamén contribuíron á consecución deste obxectivo.

Na idoneidade de empregar información administrativa, cabe mencionar a substitución da enquisa sobre prezos do leite do plan 2012-2016, por unha operación baseada na explotación do rexistro de prezos declarados polos compradores, que aliviou a carga de resposta do sector.

Por outra banda, a porcentaxe de actividades de tipo "aproveitamento" consolidadas no 2021, é dicir, as explotacións de rexistros, sistemas de información, directorios ou microdatos, que non precisan da colaboración cidadá, aproxímase ao 60%, tres puntos por riba da do plan anterior. De sumar a este colectivo as de síntese, que supúñan algo máis do 21% e que tampouco implican molestias directas aos informantes, pódese concluír que só un 19% das estatísticas consolidadas precisaban da toma directa de datos.

**Táboa 2.4. Operacións e actividades consolidadas segundo a súa tipoloxía**

Tipo de actividade	Nº consolidadas	%
Aproveitamento	88	59,5%
Síntese	32	21,6%
Outros (exhaustiva, enquisa por mostraxe ou toma directa de datos)	28	18,9%
<b>Total</b>	<b>148</b>	

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

En liña con este obxectivo e para reutilizar datos e non duplicar información, asináronse diversos acordos:

- INE/IGE, sobre cooperación estatística e intercambio de información.
- Ministerio de Universidades/IGE, de cesión de datos.
- INE/Consellería de Sanidade/IGE, sobre estatísticas de movemento natural da poboación e defuncións por causa da morte.
- AMTEGA/IGE, para optimizar operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información.
- INE/IGE, para realizar a enquisa de poboación activa.
- INE/AMTEGA/IGE, para eliminar duplicidades no ámbito do uso das tecnoloxías de información no sector empresas.
- Tesourería Xeral da Seguridade Social/Instituto Social da Mariña/Comunidade Autónoma, en materia estatística,
- Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación/Comunidade Autónoma, en materia estatística.
- Instituto de Estudo do Territorio/IGE, para intercambiar información da cuadrícula de poboación na costa de Galicia.

Tamén se negociaron dous convenios coa Administración da Seguridade Social e a Axencia Estatal de Administración Tributaria sobre pensións e comercio exterior, que se asinaron no primeiro trimestre de 2022.

### Obxectivo instrumental 4. Utilizaranse as fontes xa existentes para evitar que se dupliquen as solicitudes de información

Este obxectivo reforza ao instrumental 3 de intensificar o uso de fontes administrativas, ordenando que, antes de procurar novos datos, se comprobe se os dispoñibles cobren os obxectivos informativos. Programáronse as seguintes actuacións relacionadas con el:

**Táboa 2.5. Actuacións programadas para cumprir o obxectivo instrumental 4**

Actuacións englobadas na AIE05 Catalogación e difusión da información estatística	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
A enerxía en Galicia		X	X	X	X
Anuario de estatísticas sociolaborais	X	X	X	X	X
Anuario de pesca	X	X			
Folgas e peches patronais	X	X	X	X	X
Indicadores de infancia e adolescencia			X	X	
Indicadores estatísticos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible en Galicia				X	X
Recompilación e difusión de resultados estatísticos sobre Galicia	X	X	X	X	X
<b>Actuacións englobadas na AIE06 Tecnoloxías da información e das comunicacións para o proceso estatístico</b>					
Desenvolvemento dunha base de datos sociodemográfica empregando fontes administrativas e estatísticas			X		

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### Obxectivo instrumental 5. Aproveitarase o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as comunicacións para optimizar as formas tradicionais de recollida e difusión de información e para explorar a potencialidade das novas fontes de información masiva

En relación con este obxectivo programáronse catorce actuacións, once dependentes da AIE05 e que se corresponden con publicacións-recompilacións de periodicidade anual, ou con sistemas de indicadores que se nutren de diversas fontes. En ambos casos, o interface empregado na súa elaboración facilita o acceso dos usuarios. As outras tres actuacións englobábase na AIE06 sobre tecnoloxías da información e das comunicacións para o proceso estatístico e son de carácter descontinuo.

**Táboa 2.6. Actuacións programadas para cumprir o obxectivo instrumental 5**

Actuacións englobadas na AIE05 Catalogación e difusión da información estatística	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
A realidade da muller galega	X	X	X	X	X
Atlas estatístico comarcal	X	X	X	X	X
Banco de datos territorial	X	X	X	X	X
Boletín de conxuntura	X	X	X	X	X
Datos estatísticos básicos de Galicia	X	X	X	X	X
Galicia en cifras	X	X	X	X	X
Indicadores do mercado laboral	X	X	X	X	X
Indicadores Europa 2020*	X	X	X	X	X
Información estatística sobre a cadea forestal-madeira			X	X	X
Portal estatístico para o mundo educativo	X				
Actuacións englobadas na AIE06 Tecnoloxías da información e das comunicacións para o proceso estatístico					
Aplicacións para a mellora da difusión empregando o paquete R	X	X			
Desenvolvemento dunha base de datos sociodemográfica empregando diversas fontes administrativas e estatísticas			X		
Novas ferramentas de difusión de información estatística empregando R-Markdown e R-Shiny					X

\*Antes Indicadores estruturais da Unión Europea.

### 3. Avaliación dos obxectivos de calidade

Estes obxectivos seguen o Código de conduta para as estatísticas europeas, adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo o 28 de setembro de 2011 e revisado no 2017: [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/codigo\\_boas\\_practicas.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/codigo_boas_practicas.pdf)

Para avalialos, o IGE elabora, de acordo coa ESS Guidelines for the implementation of the ESS Quality and performance indicators (QPI), un conxunto de indicadores, que se ordenan



## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

polo principio ao que fan referencia, se calculan anualmente para cada estatística e se difunden no inventario:

- Indicadores de puntualidade e oportunidade (TP)
  - TP1 e TP2. Indicadores de oportunidade
  - TP3 e TP4. Indicadores de puntualidade
- Indicadores de coherencia e comparabilidade (CC)
  - CC2. Lonxitude das series comparables
- Indicadores de relevancia (R)
  - R1. Indicador de relevancia
- Indicadores de accesibilidade e claridade (AC)
  - AC1. Ligazón única e exclusiva
  - AC2. Notas metodolóxicas

### Obxectivo de calidade 1. Relevancia: as estatísticas deseñaranse consonte as necesidades das persoas usuarias. Analizaranse o seu interese e utilidade

Para avaliar a relevancia emprégase como indicador unha variable discreta que recolle, nunha escala de cero a máis de tres, maior valor cando a operación ou actividade:

- É indispensable para cubrir metas ou perspectivas.
- Está consolidada.
- Achega información estatística sobre Galicia non dispoñible noutras contornas.

A táboa seguinte amosa que a metade das estatísticas programadas acadaron dous puntos nesta escala e que as de relevancia extraordinaria non superaron o 2%.

**Táboa 3.1. Actividades e operacións segundo a súa relevancia**

	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021	PGE 2017-2021
Sen relevancia	1%*	0%	0%	0%	0%	0%
Pouca relevancia	20%	23%	24%	25%	28%	24%
Relevancia media	54%	52%	51%	50%	51%	52%
Moita relevancia	21%	22%	22%	22%	19%	21%
Relevancia extraordinaria	2%	1%	2%	2%	2%	2%

\*Correspóndese coa operación en implantación 3801-05 Enquisa a empresas multilocalizadas, non difundida

En relación con este obxectivo de calidade programáronse anualmente os indicadores de perspectiva xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

**Táboa 3.2. Actuacións programadas para cumprir o obxectivo de calidade 1**

Actuacións englobadas na AIE15 Apoio estatístico a redacción dos orzamentos xerais e outra normativa	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Indicadores estatísticos de perspectiva de xénero nos orzamentos xerais	X	X	X	X	X

Os resultados de relevancia permitiron mellorar e ampliar as metas do plan 2022-2026.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### Obxectivo de calidade 2. Precisión e fiabilidade: as estatísticas tentarán reflectir a realidade axeitadamente. Avanzarase na validación das operacións estatísticas


Traballouse na procura dun novo indicador para medir a precisión nas operacións e actividades con rexistro de valores provisionais ou predicións. Trátase de analizar en que medida se apartan ditos valores dos definitivos, usando o test de Wilcoxon, que detecta se existen diferenzas significativas entre os pares de datos, para cada período de referencia.

### Obxectivo de calidade 3. Oportunidade e puntualidade: as estatísticas divulgaranse consonte un calendario e seguindo as recomendacións europeas sobre a súa comunicación

En relación con este obxectivo elabóranse indicadores de oportunidade conxuntural e estrutural, tanto para datos provisionais (TP1) como definitivos (TP2), por estatística e programa. Para medir os resultados das consellerías e do sistema estatístico no seu conxunto, o indicador de oportunidade calcúlase como media ponderada das oportunidades das correspondentes operacións e actividades, agrupadas en estruturais ou conxunturais, pero sen diferenciar entre TP1 e TP2.

A partir deste procedemento, a oportunidade media no plan foi de 10 meses, como resultado dunha media de 3 meses de desfase entre datas de referencia e difusión nas estatísticas conxunturais e de 12 nas estruturais.

**Gráfico 3.1. Evolución dos indicadores de oportunidade 2017-2021**



A puntualidade das operacións e actividades mídese cos indicadores TP3 (nº de meses de retraso) e TP4 (% de puntualidade), que reflicte a porcentaxe de difusión incluídas na programación que se axustaron ao calendario deseñado.

No plan, o número de meses de retraso acadou un valor medio de 3, resultado que está moi influenciado pola non publicación reiterada de resultados dalgunhas estatísticas e a conseguinte acumulación de meses de retraso. A porcentaxe de puntualidade media para o sistema estatístico foi do 72%.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

Este segundo indicador de puntualidade está moi relacionado co clásico de calendario, que se emprega no seguimento dos programas e que mide a puntualidade na publicación de resultados. No 2019 fíxose un estudo para medir a súa a correlación e outras cuestións vencelladas coa calidade e o inventario<sup>2</sup>.

Dentro deste obxectivo de calidade encádranse catro actuacións, a primeira completouse cos dous programas iniciais a as tres restantes, que tamén apuntan ao de calidade 6, consideráronse desde o 2019.

**Táboa 3.3. Actuacións programadas para cumprir o obxectivo de calidade 3**

Actuacións englobadas na AIE05 Catalogación e difusión da información estatística	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Introducir no calendario de publicacións do IGE os resultados das actuacións nas actividades de interese estatístico	X	X			
Actuacións englobadas na AIE08 Inventario, programación, seguimento e avaliación da actividade estatística. Plan de calidade					
Informe de seguimento do PEA 2018			X		
Informe de seguimento do PEA 2019				X	
Informe de seguimento do PEA 2020					X

**Obxectivo de calidade 4. Coherencia e comparabilidade: as estatísticas realizaranse sobre a base de normas comúns con respecto ao alcance, definicións, unidades e clasificacións. Promoveranse a normalización e a homoxeneidade de métodos que permitan comparar a información proporcionada polo sistema estatístico de Galicia con respecto ao estatal e ao europeo**

O indicador usado desde 2018 para avaliar este obxectivo é a lonxitude da serie comparable (CC2), que se calcula por estatística e anualidade.

**Táboa 3.4 Lonxitudes medias (meses)**

	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Media operacións estatísticas	-	14,4	15,3	16,3	17,1
Media actividades estatísticas	-	12,9	13,6	14,3	14,4
<b>Media total</b>	<b>-</b>	<b>13,8</b>	<b>14,6</b>	<b>15,5</b>	<b>16,0</b>

A lonxitude media das series avaliadas crece co tempo, aínda que non se consegue sumar un punto cada ano por mor das que non publican datos. Ademais, traballouse na obtención dun novo indicador de coherencia (CC3), complementario do CC2 e que se calcula coma porcentaxe de series sen valores atípicos<sup>3</sup>.

O emprego desta medida de calidade puxo de manifesto no 2020 algúns destes valores vencellados coa Covid19:

<sup>2</sup> O inventario de operacións e actividades estatísticas. Indicadores de calidade. *XIV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións*. Vigo, outubro de 2019.

<sup>3</sup> Considerando como valor atípico o que que non se atope no intervalo [Q1 -1,5 RIC, Q3 + 1,5 RIC]. (Nota: Q1, Q3: 1º e 3º cuartís, RIC= Q3 - Q1).

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

- O índice de confianza do consumidor sufriu un descenso do 142% no segundo trimestre.
- O índice mensual de produción industrial baixou un 40% en abril.
- As sociedades mercantís constituídas diminuíron o 72% en abril.
- As presentacións na sede electrónica da Xunta aumentaron notablemente.

Este obxectivo de calidade tamén se abordou programando as actuacións da táboa 3.5.

**Táboa 3.5. Actuacións programadas para cumprir o obxectivo de calidade 4**

Actuacións englobadas na AIE07 Normalización na actividade estatística	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Tradución da Clasificación nacional de educación (CNED)				X*	X
Tradución do Código de conduta das estatísticas europeas				X	
Tratamento do segredo estatístico e da calidade da difusión	X*				

\* Non se realizou.

### Obxectivo de calidade 5. Accesibilidade: as estatísticas difundiranse nun sitio web específico, doadamente accesible, acompañadas de metadatos

Para medir a accesibilidade úsanse os indicadores AC1. Ligazón única e exclusiva e AC2. Notas metodolóxicas, ambos de tipo binario e calculados anualmente por operación e actividade.

Case o 80% das estatísticas pódense consultar nunha ligazón única e exclusiva, porcentaxe que baixa a valores próximos ao 60% cando estamos a falar de difusión con notas metodolóxicas. Os dous indicadores son estables e as súas variacións están relacionadas coa programación ou non de operacións de periodicidade distinta da anual, ou con cambios na estrutura da Xunta e modificacións nas webs dos organismos responsables.

**Táboa 3.6. Estatísticas con ligazón única e exclusiva (AC1)**

	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Operacións estatísticas	76,3%	77,4%	77,1%	76,1%	75,3%
Actividades estatísticas	80,7%	83,3%	82%	83,6%	81,8%
<b>Total</b>	<b>78,1%</b>	<b>79,9%</b>	<b>79,2%</b>	<b>79,2%</b>	<b>78,1%</b>

**Táboa 3.7. Estatísticas que xuntan notas metodolóxicas (AC2)**

	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Operacións estatísticas	67,5%	69,0%	68,7%	70,5%	68,2%
Actividades estatísticas	40,4%	43,3%	45,9%	45,9%	45,5%
<b>Total</b>	<b>56,2%</b>	<b>58,3%</b>	<b>59%</b>	<b>60,4%</b>	<b>58,3%</b>

A porcentaxe de operacións con metodoloxía accesible no seu espazo de difusión é superior á das actividades. Isto débese a que as primeiras xa teñen de seu proxecto técnico publicado no inventario do IGE, así que o indicador só está a medir se dito documento está dispoñible á carón dos resultados difundidos.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

Para reforzar a accesibilidade tamén se programou e executou completamente a actuación da táboa seguinte.

**Táboa 3.8. Actuacións programadas para cumprir o obxectivo de calidade 5**

Actuacións englobadas na AIE05 Catalogación e difusión da información estatística	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Recompilar e difundir resultados estatísticos de Galicia	X	X	X	X	X

### Obxectivo de calidade 6. Transparencia: reforzase a transparencia das estatísticas

O indicador AC2 de notas metodolóxicas está vencellado con este obxectivo, pois a transparencia consiste na exposición ou posibilidade de coñecer o que acontece cos datos.

Foron trece as actuacións que apuntaban a el, desde ampliar o calendario de difusión ata render contas cos informes de seguimento do plan e dos programas. A transparencia tamén se veu reforzada pola redacción de cinco novos proxectos técnicos e do anteprojecto do plan 2022-2026.

**Táboa 3.9. Actuacións programadas para cumprir o obxectivo de calidade 6**

Actuacións englobadas na AIE05 Catalogación e difusión da información estatística	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021
Introducir no calendario do IGE os resultados das actividades de interese estatístico	X	X			
Actuacións englobadas na AIE08 Inventario, programación, seguimento e avaliación da actividade estatística. Plan de calidade					
Informe de avaliación do PGE 2012-2016	X				
Informe de seguimento do PEA 2016	X				
Informe de seguimento do PEA 2017		X			
Informe de seguimento do PEA 2018			X		
Informe de seguimento do PEA 2019				X	
Informe de seguimento do PEA 2020					X
Redacción do anteprojecto de Lei do PGE 2022-2026					X
Actuacións englobadas na AIE16 Redacción de proxectos técnicos de operacións estatísticas					
Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 km <sup>2</sup>					X
Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo			X		
Estatística das fianzas dos alugueiros			X		
Indicadores de infancia e adolescencia	X				
Tributos propios e cedidos xestionados pola C.A	X*				

\* Non se avanzou na redacción do proxecto.

## Informe de avaliación do PGE 2017-2021

### 4. Avaliación do plan mediante o seguimento dos programas anuais

#### 4.1 Programación, execución e calendario ao longo dos programas

No terceiro anexo da Lei do PGE 2017-2021 figuran as 76 operacións e 41 actividades estatísticas consolidadas, que constitúen o punto de partida do inventario de actividades, marco do que se seleccionan as dos programas e ao que se van sumando as novas. O inventario acabou por albergar ao remate do plan 171 estatísticas (92 operacións e 79 actividades).

**Táboa 4.1 Operacións e actividades programadas**

	Programas estatísticos anuais					Plan
	2017	2018	2019	2020	2021	
<b>Número programadas</b>	<b>137</b>	<b>144</b>	<b>144</b>	<b>149</b>	<b>151</b>	<b>171</b>
Operacións	80	84	83	88	85	92
Actividades estatísticas	57	60	61	61	66	79
<b>Ratio programa/inventario final (%)</b>	<b>80,1</b>	<b>84,2</b>	<b>84,2</b>	<b>87,1</b>	<b>88,3</b>	
Operacións	87,0	91,3	90,2	95,7	92,4	
Actividades estatísticas	72,2	75,9	77,2	77,2	83,5	

**Táboa 4.2 Operacións e actividades programadas por departamento**

Departamento	2017		2018		2019		2020		2021		Plan	
	OE	AE	OE	AE	OE	AE	OE	AE	OE	AE	OE	AE
Presidencia	4	3	4	3	4	3	4	3	4	3	4	3
Vicepres.1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo	4	4	4	4	4	4	3	4	3	4	4	4
Vicepres.2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	0	0	0	1	0	1	0	1	0	1	0	1
Consellería de Facenda e Administración Pública	1	0	1	0	1	0	1	0	1	0	1	0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	4	3	4	3	4	3	4	3	4	3	4	3
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	2	0	2	0	2	0	2	0	2	0	2	0
Consellería de Cultura, Educación e Universidade	2	1	3	1	2	1	3	1	3	1	3	1
Consellería de Emprego e Igualdade	13	4	13	4	13	4	13	4	13	4	13	4
Consellería de Sanidade	10	1	10	1	10	1	10	1	10	1	10	1
Consellería de Política Social	5	1	5	1	5	1	6	0	6	0	6	0
Consellería do Medio Rural	11	5	11	5	11	5	11	5	12	7	12	7
4101-02-OE05	Sistema de indicadores da sociedade da información	Si	en curso	en curso	en curso	en curso	en curso	Si
4102-01-OE05	Empresas TIC de Galicia	Si	en curso	en curso	en curso	en curso	en curso	Si
4102-02-AE05	Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia	Si	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	Si
4103-01-OE05	Estatística sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia	Si	en curso	en curso	en curso	en curso	en curso	Si
4103-02-OE05	Estatística da Administración electrónica nos concellos galegos	Si	en curso	en curso	en curso	en curso	en curso	Si
4105-01-OE05	Situación das TIC nos centros sanitarios	Si	en curso	en curso	en curso	en curso	en curso	Si
4106-01-AE05	A sociedade da información no medio rural	Si	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	Si
4201-01-AE05	Indicadores de innovación	Si	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	Si
4201-02-AE05	Explotación da Estatística sobre actividades de I+D	Non	-	-	-	-	incluída	Non
4204-01-AE05	Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía	Si	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	Si
8000-01-OE05	Indicadores de xénero	Si	en curso	en curso	en curso	en curso	en curso	Si
9101-01-AE05	Incendios forestais	Non	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	Si
9101-02-AE05	Explotación do Rexistro de Montes Veciñais de Man Común	Non	-	-	-	-	incluída	Non
9101-03-AE05	Producións forestais	Non	-	-	-	-	incluída	Non



## Informe de avaliación do PGE 2017-2021. Anexo IV

Código	Nome actividade	Consolidada ao inicio do plan	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021	Consolidada ao final do plan
9301-01-AE05	Balance enerxético	Non	-	incluída	incluída	incluída	incluída	Si
9999-01-OE05	Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do Plan de desenvolvemento rural	Si	en curso	en curso	en curso	en curso	en curso	Si
9999-02-AE05	Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural	Non	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	Si
9999-03-AE05	Indicadores de contexto da economía galega	Si	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	Si

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

*LEI 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021.*

#### Exposición de motivos

I

O artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva da estatística para os fins da Comunidade Autónoma.

En aplicación deste artigo, o Parlamento aprobou a Lei 9/1988, de estatística de Galicia (LEG), modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio; 10/2001, do 17 de setembro; 16/2006, do 27 de decembro, e 8/2011, do 9 de decembro. Nela establécese que o Plan galego de estatística (PGE) é o instrumento de ordenación e planificación desta actividade, mediante a progresiva constitución do Sistema estatístico, entendendo por tal o conxunto ordenado e integrado de métodos, procedementos e resultados dos seus axentes institucionais.

O Parlamento aprobou catro plans para os períodos 1998-2001, 2002-2006, 2007-2011 e 2012-2016, nos cales se fixaban os obxectivos que se debían concretar nos programas anuais.

Logo de se esgotar o cuarto plan, procede aprobar un novo para, mediante un sistema de planificación por obxectivos, crear, organizar e difundir coñecemento estatístico, acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e mais da cidadanía. Para conseguilo, fórmulanse obxectivos de tres tipos: informativos, instrumentais e de calidade.

Os primeiros concréntanse en metas estatísticas para responderen ás necesidades de información da sociedade. A planificación por metas dota o plan da flexibilidade necesaria para adaptarse á realidade cambiante e facilitar a cooperación con outros sistemas estatísticos oficiais, de acordo cos compromisos de coherencia, integración, harmonización e uso eficiente dos recursos públicos. Son tamén obxectivos informativos os vinculados coas liñas de actuación salientables do plan e coa consideración da perspectiva de xénero.

Os obxectivos instrumentais fixan as características que deben ter os procesos para organizar, recoller, elaborar e difundir estatísticas. Os de calidade establécense de acordo



co Código de conduta para as estatísticas europeas, adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo o 28 de setembro de 2011.

A actividade que se realice en desenvolvemento deste plan axustarase aos principios e ás garantías de interese público, obxectividade e corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión de resultados, establecidos no capítulo III da LEG, así como ás recomendacións do Código de conduta para as estatísticas europeas. Formarán parte desta actividade as tarefas de recompilación, elaboración e ordenación sistemática da información cuantificable, a publicación e difusión de resultados necesarios ou útiles para o coñecemento cuantitativo, a análise das realidades demográfica, agraria, pesqueira, industrial, comercial, financeira, de servizos, social, cultural e ambiental de Galicia e, en xeral, calquera cuestión referida ás condicións de vida, fins e competencias da Comunidade Autónoma. Tamén se inclúen nesta categoría as tarefas previas ou complementarias das anteriores que non fosen incluídas dentro delas, as legalmente exixibles ou tecnicamente necesarias para poder acadar os requirimentos que establecen as normas estatísticas e mais as de innovación, investigación e desenvolvemento técnico, metodolóxico e normalizador no eido estatístico.

O Sistema estatístico proverá información para que a cidadanía poida exercer os seus dereitos, orientar a xeración de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións. A inclusión na oferta de información estatística dos metadatos necesarios para axudar a comprender o significado dos resultados difundidos contribuirá á consecución destes obxectivos.

## II

A lei ten tres títulos, unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria, dúas derradeiras e tres anexos.

O título preliminar consta dun único capítulo de disposicións xerais, onde se recollen o obxecto da lei, o seu período de aplicación e as principais definicións.

Os títulos I e II correspóndense coas dúas dimensións do plan: planificación e ordenación da actividade estatística, respectivamente. O primeiro capítulo do título I agrupa os obxectivos do plan e o segundo establece como se satisfán mediante os programas anuais. O título II ten catro capítulos, sobre os proxectos técnicos e estatística oficial, a recollida e cesión de información, a colaboración institucional e o inventario de operacións e actividades estatísticas.



Nos anexos figuran a estrutura temática do plan, a relación das metas de información e o inventario inicial das operacións e actividades.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei do Plan galego de estatística 2017-2021.

## TÍTULO PRELIMINAR

### **Disposicións xerais**

#### Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta lei é aprobar o Plan galego de estatística (PGE) 2017-2021, instrumento de ordenación, sistematización e planificación da función estatística para os fins da Comunidade Autónoma, ao amparo do artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia e da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

2. Os obxectivos do PGE 2017-2021 clasifícanse en informativos, instrumentais e de calidade. Os primeiros comprenden as metas de información, a perspectiva de xénero e as liñas de actuación salientables.

3. Os obxectivos do PGE 2017-2021 concréntanse nos programas anuais executados pola organización estatística da Comunidade Autónoma.

4. Forman parte desta organización o Instituto Galego de Estatística, os órganos estatísticos sectoriais (OES) e o Consello Galego de Estatística.

5. A organización estatística desenvolverá as súas relacións internas e externas no marco deste plan.

#### Artigo 2. *Definicións*

1. Para cubrir as metas de información e ampliar a información dispoñible sobre Galicia programaranse anualmente operacións estatísticas (OE) e actividades estatísticas (AE).

2. Para cubrir os outros obxectivos do plan poderanse programar actividades de interese estatístico (AIE).



3. Para os efectos desta lei, enténdese por:

3.1. Operación estatística (OE): execútase consonte un proxecto técnico e coa participación dunha administración pública galega nalgunha fase a maiores da difusión. É de difusión obrigatoria e debe estar clasificada dentro das alíneas seguintes, ou ser unha combinación delas:

a) Censo.

b) Enquisa por mostraxe.

c) Toma directa de datos.

d) Explotación estatística de sistemas de información, rexistros administrativos ou directorios.

e) De síntese: sistema de indicadores, números índices, contas económicas, proxeccións e métodos de estimación indirecta.

3.2. Actividade estatística (AE): execútase sen proxecto técnico pero coa finalidade de difundir resultados que contribúan a ampliar a información estatística dispoñible sobre Galicia.

4. As operacións estatísticas (OE) pódense programar nos seguintes estados:

a) En implantación: operación con proxecto técnico que se executa por primeira vez e que non está sometida a todos os requirimentos das operacións en curso. Este estado permite comprobar se o proxecto técnico é axeitado para conseguirmos os obxectivos previstos.

b) En curso: operación periódica ou irregular con proxecto técnico, que dá lugar a unha serie cronolóxica ou permite a comparanza temporal con outros períodos.

c) En cumprimento: operación que se executa no marco de convenios, acordos, decretos de transferencia ou calquera outro tipo de norma ou vínculo xurídico, de xeito que as súas características técnicas xa veñen reguladas por outra administración.

d) En reestruturación: operación en curso ou en cumprimento cuxo proxecto técnico sufriu cambios substanciais.



### Artigo 3. *Período de aplicación*

1. O PGE 2017-2021 formula obxectivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2021. De non se aprobar un novo ao seu vencemento, quedará prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte.

2. O Consello da Xunta aprobará programas estatísticos anuais para desenvolver este plan.

### Artigo 4. *Avaliación*

O Instituto Galego de Estatística elaborará un informe de avaliación do PGE, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e poñerá en coñecemento do Parlamento mediante unha comparecencia específica.

## TÍTULO I

### Planificación da actividade estatística

#### CAPÍTULO I

#### Obxectivos

### Artigo 5. *Obxectivo central*

1. O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o Sistema estatístico público galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade ao tempo que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e mais da cidadanía, coa adecuación aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, a minimización das molestias ás e aos informantes e a garantía do segredo estatístico.

2. Este obxectivo central desenvólvese en:

a) Obxectivos informativos, que comprenden os temas por abordar para responder ás metas de información, á perspectiva de xénero e ás liñas de actuación salientables. Para satisfacelos, os programas anuais incluírán operacións e actividades estatísticas.

b) Obxectivos instrumentais, que pretenden conseguir metodoloxías máis sólidas, procedementos estatísticos axeitados, diminución da carga de resposta e aumento na eficiencia. Para satisfacelos, os programas incluírán actividades de interese estatístico.



c) Obxectivos de calidade, que fixan as características desexables das estatísticas. Para satisfacelos, os programas incluírán actividades de interese estatístico axustadas ás demandas e necesidades da poboación galega.

#### Artigo 6. *Obxectivos informativos*

1. O plan inclúe as metas relacionadas no anexo II, que son os obxectivos específicos de información do quinquenio. Para que a oferta estatística sexa relevante e facilite a comparación temporal con outros períodos, conservaranse as metas con difusión de resultados do PGE 2012-2016, sen prexuízo da inclusión doutras novas.

2. As metas de información clasifícanse nas áreas e seccións temáticas do anexo I. Para a súa avaliación consideraranse as operacións e as actividades estatísticas dos programas con difusión de resultados.

3. Consonte o establecido no artigo 9 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que recaden datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

4. Como liñas de actuación salientables, profundarase na análise das seguintes materias: demografía, estrutura sociolaboral, estrutura sociocultural, cohesión territorial, conxuntura económica e estrutura económica.

#### Artigo 7. *Obxectivos instrumentais*

1. O Instituto Galego de Estatística implantará unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico da Comunidade Autónoma.

2. Realizarase investigación estatística e cooperarase coa comunidade científica e outras institucións para mellorar os métodos e procedementos.

3. Intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas e estableceranse os procedementos de colaboración entre as persoas propietarias e as autoridades estatísticas para garantir a calidade da información.

4. Utilizaranse as fontes xa existentes para evitar que se dupliquen as solicitudes de información.





5. Aproveitarase o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as comunicacións para optimizar as formas tradicionais de recollida e difusión de información e mais para explorar a potencialidade das novas fontes de información masiva.

6. Consolidaranse e profesionalízanse os órganos estatísticos sectoriais.

#### Artigo 8. *Obxectivos de calidade*

Son obxectivos de calidade:

1. Relevancia: as estatísticas deseñaranse consonte as necesidades das persoas usuarias. Analízanse o interese e a utilidade das estatísticas.

2. Precisión e fiabilidade: as estatísticas tentarán reflectir a realidade axeitadamente. Avanzarase na validación das operacións estatísticas.

3. Oportunidade e puntualidade: as estatísticas divulgaranse consonte un calendario e seguindo as recomendacións europeas sobre a súa comunicación.

4. Coherencia e comparabilidade: as estatísticas realizaranse sobre a base de normas comúns con respecto ao alcance, as definicións, as unidades e as clasificacións. Promoveranse a normalización e a homoxeneidade de métodos que permitan comparar a información proporcionada polo Sistema estatístico de Galicia con respecto ao estatal e ao europeo.

5. Accesibilidade: as estatísticas difundiranse nun sitio web específico, doadamente accesible, acompañadas de metadatos.

6. Transparencia: reforzarase a transparencia das estatísticas.

### CAPÍTULO II

#### **Programa estatístico anual**

#### Artigo 9. *Contido*

1. Para satisfacer os obxectivos do plan, o programa incluírá operacións, actividades estatísticas e actividades de interese estatístico.



2. Nas operacións estatísticas (OE) e nas actividades estatísticas (AE) especificaranse os datos seguintes:

- a) Os organismos responsables.
- b) As metas de información ou os outros obxectivos informativos.
- c) Os obxectivos concretos.
- d) Os ámbitos de investigación.
- e) A periodicidade.
- f) O orzamento aproximado.
- g) As formas e os prazos de difusión.

3. Nas operacións figurarán tamén o estado e, se procede, as persoas ou entidades obrigadas a subministraren información, así como as compensacións económicas previstas no artigo 23 da Lei de estatística de Galicia. As formas e os prazos de difusión especificaranse só nas programadas en curso e en cumprimento coa difusión prevista no ano.

4. Nas actividades de interese estatístico (AIE) especificaranse as liñas de actuación salientables, os obxectivos instrumentais ou os obxectivos de calidade que satisfán.

#### Artigo 10. *Aprobación e vixencia*

1. O Instituto Galego de Estatística elaborará o proxecto de programa estatístico, logo do informe do Consello Galego de Estatística.

2. O Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda, aprobará por decreto o programa estatístico.

3. A vixencia do programa coincidirá co ano natural, sen prexuízo da súa prórroga respecto das operacións que pola súa natureza sexa necesario continuar.



**Artigo 11. Seguimento**

O Instituto Galego de Estatística realizará un informe anual de seguimento do programa para a súa consideración polo Consello Galego de Estatística. Deste informe daráselle conta ao Parlamento de Galicia.

**Artigo 12. Execución**

1. Os órganos da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico executarán o programa, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante acordos, convenios ou contratos. Todos eles quedarán obrigados a cumprir o segredo estatístico, incluso despois de rematar os devanditos acordos, convenios ou contratos.

2. O Instituto Galego de Estatística (IGE) será, con carácter xeral, o organismo responsable das operacións cuxo ámbito de investigación implique simultaneamente varios sectores económicos ou ámbitos sociais. As operacións de carácter sectorial executaranas preferentemente os órganos ou as entidades públicas que sexan competentes na materia ou que, do exercicio das súas funcións, obteñan información susceptible de explotación estatística. Cando o departamento careza dos medios necesarios para realizar unha actividade, o IGE, dentro dos seus recursos, poderá levala a cabo para obter información sobre unha meta insatisfeita.

3. O contido e a execución do programa estarán suxeitos ás dispoñibilidades orzamentarias e organizativas.

**TÍTULO II****Ordenación da actividade estatística****CAPÍTULO I****Proxecto técnico e estatística oficial****Artigo 13. Proxecto técnico**

1. As operacións dos programas dispoñerán dun proxecto técnico, visto polo Consello Galego de Estatística (CGE) e de carácter público.



2. O proxecto técnico sistematizará os procedementos de execución de cada operación, e debe especificar as metas de información, describir como se aborda a perspectiva de xénero e detallar que soporte se utiliza para recoller datos individualizados.

3. O Instituto Galego de Estatística (IGE), de acordo cos seus recursos, prestará asistencia na redacción dos proxectos do resto dos axentes do sistema e elevaraos á consideración do CGE.

4. Coa finalidade de construír un sistema integrado de contas económicas, o IGE participará na elaboración e execución dos proxectos técnicos relativos ás operacións de síntese desta clase.

#### Artigo 14. *Estatística oficial*

1. As operacións dos programas son oficiais logo da publicación de resultados segundo o seu proxecto técnico.

2. Os resultados das operacións serán difundidos preferentemente polos organismos responsables. De acordo cos puntos 8 e 9 do artigo 39 da Lei de estatística de Galicia, o Instituto Galego de Estatística (IGE) poderá solicitar estes resultados para a súa recompilación, almacenaxe e difusión.

3. Deberán ser obxecto de aprobación expresa os resultados das operacións oficiais que sexan aplicables de forma obrigatoria ás relacións e situacións xurídicas en que a Comunidade Autónoma teña competencia para os impoñer. Seguirase o seguinte procedemento:

a) As propostas de aprobación serán presentadas polos organismos responsables perante o IGE, que emitirá un informe preceptivo sobre o cumprimento das normas estatísticas aplicables.

b) O IGE poderá requirir dos organismos responsables toda a información que considere necesaria para elaborar este informe.

c) De ser o informe favorable, o IGE aprobará con carácter provisional os resultados e poñeraos en coñecemento do Consello Galego de Estatística e do Consello da Xunta. Logo de transcorrer o prazo de tres meses, se non se reciben obxeccións expresas, aqueles quedarán aprobados definitivamente e serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.



## CAPÍTULO II

### Recollida e cesión de información

#### Artigo 15. *Colaboración cidadá*

Será obrigatoria a colaboración cidadá nas operacións dos programas. A información por subministrar axustarase ao establecido nos correspondentes proxectos técnicos. En cada programa especificaranse os colectivos obrigados a subministraren información.

#### Artigo 16. *Datos de orixe administrativa*

Se for necesario utilizar datos de fontes administrativas para realizar unha operación programada, os órganos, as autoridades e o persoal funcionario encargado da súa custodia prestarán a máis rápida e áxil colaboración, a cal podería consistir na cesión dos datos necesarios para executala segundo o proxecto técnico.

#### Artigo 17. *Cesión da información estatística*

A información sometida ao segredo estatístico só se poderá ceder para elaborar unha operación incorporada nos programas á unidade responsable da súa realización, sempre que sexa necesaria e a unidade forme parte da organización estatística de Galicia. Tamén se poderá ceder información no marco de acordos e convenios entre organismos públicos competentes en materia estatística.

## CAPÍTULO III

### Colaboración institucional

#### Artigo 18. *Colaboración externa*

1. No ámbito das súas competencias, a organización estatística de Galicia poderá colaborar co Instituto Nacional de Estatística e con outras entidades e organizacións locais, autonómicas, estatais, europeas ou internacionais. Farase especial énfase na cooperación transfronteiriza coa Rexión Norte de Portugal.

2. No ámbito das súas competencias, a organización estatística de Galicia poderá establecer unha colaboración con entidades e organizacións privadas.



**Artigo 19. *Cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno***

1. O Instituto Galego de Estatística (IGE) deberá ser informado con carácter previo de todos os convenios e acordos que en materia estatística formalice calquera órgano ou entidade do sector público autonómico.

2. As actividades estatísticas derivadas destes convenios ou acordos quedarán amparadas por esta lei e incluíranse nos programas anuais, logo do informe favorable do IGE.

3. No marco do principio de autoprovisión de servizos, o IGE será consultado previamente sobre os expedientes de contratación externa que pretendan tramitar os órganos e as entidades do sector público autonómico para desenvolveren algunha das actuacións recollidas no catálogo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

**Artigo 20. *Planificación***

1. O Instituto Galego de Estatística e os órganos estatísticos sectoriais (OES) que corresponda deberán ser informados previamente de todos os plans de carácter xeral, por abrangueren varios ámbitos ou sectores, que formalicen os órganos e as entidades do sector público autonómico, cando poidan precisar información elaborada ao abeiro dos instrumentos de planificación estatística.

2. Para que o Sistema estatístico de Galicia provea información para estes plans, esta deberá ser incluída nos programas como operación ou actividade estatística, independentemente de que haxa unha meta de información prevista.

**Artigo 21. *Creación de rexistros e sistemas de información***

Para garantir o cumprimento dos criterios recollidos no artigo 5.1, o Instituto Galego de Estatística e os órganos estatísticos sectoriais (OES) que corresponda deberán ser consultados, con carácter previo, dos rexistros administrativos e sistemas de información susceptibles de explotación estatística, creados polos órganos e as entidades do sector público autonómico.

**CAPÍTULO IV****Inventario de operacións e actividades estatísticas****Artigo 22. *Inventario de operacións e actividades estatísticas***

1. O inventario será o marco de actuación da organización estatística da Comunidade Autónoma e recollerá as operacións e as actividades estatísticas dos programas.



2. Os órganos e as entidades do sector público autonómico facilitaránlle ao Instituto Galego de Estatística información sobre a actividade estatística que realizan, co fin de contribuír a un maior coñecemento desta e de proceder ao seu inventario.

#### Artigo 23. *Contido*

1. Nas operacións estatísticas (OE) e actividades estatísticas (AE) especificaranse:

- a) O nome.
- b) Os organismos responsables.
- c) As metas de información ou os outros obxectivos informativos.
- d) Os obxectivos concretos.

2. Nas operacións figurarán tamén a periodicidade e, de proceder, os cuestionarios.

#### Artigo 24. *Altas*

1. No anexo III figuran as operacións en curso ou en cumprimento e as actividades estatísticas do anterior plan, que formarán parte do inventario inicial. As operacións e as actividades causarán alta no inventario cando aparezan por primeira vez nun programa. As operacións daranse de alta en implantación, agás as que se poidan introducir en cumprimento e dispoñan da súa metodoloxía.

2. Poderá inventariarse unha operación ou unha actividade cando na normativa de creación dun rexistro administrativo ou sistema de información se estableza a posibilidade de realizar unha estatística e se determine o organismo responsable.

#### Artigo 25. *Modificacións*

Con cada programa anual modificaranse os datos do inventario. Para cambiar a periodicidade ou deixar de programar unha operación, o organismo responsable deberalle comunicar ao Instituto Galego de Estatística estas circunstancias, coa súa xustificación. Delas daráselle conta ao Consello Galego de Estatística.

#### Disposición adicional única

O contido e os obxectivos deste plan están conectados co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e, dentro deste, enmárcanse no eixe instrumental «Administración moderna,



eficiente e de calidade» (eixe 5), na prioridade de actuación «Administración transparente, eficiente e orientada a resultados», e no obxectivo de «Desenvolver o sistema de información estatística oficial como un dos piares nos que se deben asentar as políticas de transparencia».

#### Disposición transitoria única

A organización estatística de Galicia poderá programar operacións e actividades estatísticas que tenten satisfacer as metas sen difusión do PGE 2012-2016.

#### Disposición derogatoria única

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei e, expresamente, a Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016, sen prexuízo do que se refire á execución e ao seguimento do Programa anual 2016 e á avaliación do Plan galego de estatística 2012-2016.

#### Disposición derradeira primeira

Autorízase o Consello da Xunta para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e executar esta lei.

#### Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Santiago de Compostela, vinte e oito de xullo de dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

#### ANEXO I

##### **Estrutura temática**

Área 1. *Territorio, recursos naturais e medio ambiente*

Sección 1.1. Territorio e recursos naturais.

Sección 1.2. Medio ambiente.

Área 2. *Sociedade*

Sección 2.1. Poboación e fogares.

Sección 2.2. Sanidade.





Sección 2.3. Educación e capital humano.

Sección 2.4. Traballo.

Sección 2.5. Condicións sociais.

Sección 2.6. Cultura, deporte e lecer.

Sección 2.7. Vivenda.

**Área 3. *Estrutura produtiva***

Sección 3.1. Sector agrario.

Sección 3.2. Pesca e acuicultura.

Sección 3.3. Enerxía e industria.

Sección 3.4. Construción.

Sección 3.5. Servizos de mercado.

Sección 3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado.

Sección 3.7. Mercados e prezos.

Sección 3.8. Actividade empresarial.

Sección 3.9. Sistema de contas.

**Área 4. *Coñecemento e tecnoloxía***

Sección 4.1. Sociedade da información.

Sección 4.2. Ciencia e tecnoloxía.

## ANEXO II

### **Metas de información**

**Área 1. *Territorio, recursos naturais e medio ambiente***

**Sección 1.1. *Territorio e recursos naturais***

Territorio (antiga 1.1.1).

Estradas (antiga 1.1.3).

Caza e pesca continental (antiga 1.1.8).

Recursos naturais e biodiversidade (antiga 1.1.9).

**Sección 1.2. *Medio ambiente***

Climatoloxía (antiga 1.2.1)

Calidade do aire (antiga 1.2.2).

Reservas de auga (antiga 1.2.3).

Calidade e depuración de auga (antiga 1.2.4).

Residuos urbanos e industriais. Reciclaxe (antiga 1.2.5).

Hábitos e prácticas ambientais (antiga 1.2.7).

**Área 2. *Sociedade***

**Sección 2.1. *Poboación e fogares***

Estática e dinámica da poboación (antiga 2.1.1).

Estrutura dos fogares (antiga 2.1.2).



Dinámica dos fogares (antiga 2.1.3).

Proxeccións demográficas (antiga 2.1.4).

### **Sección 2.2. Sanidade**

Asistencia sanitaria (antiga 2.2.1).

Listas de agarda (antiga 2.2.2).

Estado xeral de saúde da poboación (antiga 2.2.4).

Morbilidade (antiga 2.2.5).

Mortalidade por causas (antiga 2.2.6).

Consumo de drogas e asistencia ás persoas drogodependentes (antiga 2.2.7).

### **Sección 2.3. Educación e capital humano**

Ensino preobligatorio (antiga 2.3.1).

Ensino obrigatorio (antiga 2.3.2).

Ensino postobligatorio non universitario (antiga 2.3.3).

Acceso á universidade. Oferta e demanda de titulacións (antiga 2.3.4).

Ensino universitario (antiga 2.3.5).

Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral (antiga 2.3.6).

Outros tipos de formación, coa inclusión da realizada no seo das empresas (antiga 2.3.7).

### **Sección 2.4. Traballo**

Caracterización do mercado laboral (antiga 2.4.1).

Accidentes laborais e enfermidades profesionais (antiga 2.4.2).

Salarios e custos laborais (antiga 2.4.5).

Outras condicións laborais (antiga 2.4.6).

Flexibilidade na aplicación das condicións laborais (antiga 2.4.7).

Concertación laboral (antiga 2.4.8).

Eleccións sindicais (antiga 2.4.9).

Infraccións e sancións (antiga 2.4.11).

Regulación de emprego (antiga 2.4.12).

Persoas traballadoras estranxeiras (antiga 2.4.13).

### **Sección 2.5. Condicións sociais**

Ingresos e gastos dos fogares (antiga 2.5.1).

Benestar (antiga 2.5.2).

Pensións e outras prestacións (antiga 2.5.3).

Emprego do tempo (antiga 2.5.4).

Desprazamentos por razón de traballo e outros tipos de mobilidade (antiga 2.5.5).

Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais (antiga 2.5.6).

Discapacidade (antiga 2.5.7).

Violencia de xénero (antiga 2.5.8).



Conciliación familiar e laboral (antiga 2.5.9).

Capital social e participación cidadá (antiga 2.5.10).

Xustiza e seguridade (antiga 2.5.11).

**Sección 2.6. Cultura, deporte e lecer**

Equipamentos e recursos culturais (antiga 2.6.1).

Hábitos e prácticas culturais (antiga 2.6.3).

Hábitos e prácticas deportivas e do lecer (antiga 2.6.4).

Prácticas lingüísticas (antiga 2.6.5).

**Sección 2.7. Vivenda**

Demanda e acceso á vivenda (antiga 2.7.2).

Equipamento e características das vivendas (antiga 2.7.3).

**Área 3. Estrutura produtiva**

**Sección 3.1. Sector agrario**

Superficies agrarias (antiga 3.1.1).

Efectivos gandeiros (antiga 3.1.2).

Maquinaria e outro capital agrario (antiga 3.1.3).

Producións e rendementos vexetais (antiga 3.1.4).

Sacrificio de gando (antiga 3.1.5).

Produción ecolóxica e de calidade (antiga 3.1.8).

Características das explotacións agrarias (antiga 3.1.9).

**Sección 3.2. Pesca e acuicultura**

Buques pesqueiros (antiga 3.2.1).

Establecementos de acuicultura (antiga 3.2.2).

Primeira venda de produtos pesqueiros (antiga 3.2.3).

Características das unidades de produción (antiga 3.2.4).

Ocupación no sector da pesca (antiga 3.2.5).

**Sección 3.3. Enerxía e industria**

Subsector industrial relacionado co sector primario (antiga 3.3.4).

Outras industrias manufactureiras (antiga 3.3.5).

**Sección 3.4. Construción**

Edificación residencial e non residencial (antiga 3.4.1).

**Sección 3.5. Servizos de mercado**

Comercio interior (antiga 3.5.1).

Transporte de mercadorías e de pasaxeiros/as (antiga 3.5.2).

Infraestruturas turística e hostaleira (antiga 3.5.3).

Movemento de viaxeiros/as. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados (antiga 3.5.4).



Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado (antiga 3.5.5).

**Sección 3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado**

Institucións sen fins de lucro (antiga 3.6.4).

Ingresos tributarios e non tributarios (antiga 3.6.5).

Recursos e gasto na sanidade (antiga 3.6.7).

Recursos e gastos na I+D+i (antiga 3.6.9).

**Sección 3.7. Mercados e prezos**

Intercambios comerciais (antiga 3.7.1).

Prezos no sector primario (antiga 3.7.2).

Prezos no sector externo (antiga 3.7.4).

Nivel xeral de prezos (antiga 3.7.7).

Competitividade (antiga 3.7.8).

**Sección 3.8. Actividade empresarial**

Estrutura e caracterización do sector empresarial (antiga 3.8.1).

Conxuntura empresarial (antiga 3.8.2).

Cooperativas, sociedades laborais e outras formas asociativas (antiga 3.8.3).

**Sección 3.9. Sistema de contas**

Previsións macroeconómicas.

Contas económicas e beneficios empresariais (antiga 3.9.1).

Marco *input-output* (antiga 3.9.2).

Sectores institucionais (antiga 3.9.3).

Contas satélites (antiga 3.9.4).

**Área 4. Coñecemento e tecnoloxía**

**Sección 4.1. Sociedade da información**

Sociedade da información nos fogares (antiga 4.1.1).

Sociedade da información nas empresas (antiga 4.1.2).

Sociedade da información nas administracións (antiga 4.1.3).

Sociedade da información no sistema educativo (antiga 4.1.4).

Sociedade da información no sistema sanitario (antiga 4.1.5).

Sociedade da información no medio rural (antiga 4.1.6).

**Sección 4.2. Ciencia e tecnoloxía**

I+D+i nas empresas (antiga 4.2.1).

I+D+i nas administracións (antiga 4.2.2).

I+D+i na universidade (antiga 4.2.3).

Comercio externo de produtos tecnolóxicos (antiga 4.2.4).



## ANEXO III

**Operacións e actividades estatísticas consolidadas****1. Operacións estatísticas**

Estado do planeamento urbanístico dos concellos.

Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio.

Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma.

Estatística de licenzas de pesca e caza.

Reservas de auga.

Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño.

Indicadores demográficos.

Cifras poboacionais de referencia.

Sistema de indicadores de lonxevidade.

Táboas de mortalidade.

Estatística de familias numerosas.

Proxeccións de fogares.

Proxeccións de poboación a curto prazo.

Explotación do Rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo.

Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica.

Explotación do Rexistro galego da sida.

Explotación do Rexistro galego de tuberculose.

Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas.

Admisións a tratamento por consumo de substancias psicoactivas.

Estatística do ensino non universitario en Galicia.

Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia.

Inserción laboral das persoas tituladas de formación profesional.

Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego.

Datos sobre ocupacións máis contratadas.

Persoal ao servizo da Administración autonómica.

Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA).

Explotación do censo de persoas con discapacidade.

Apertura de centros de traballo.

Centros especiais de emprego.

Infraccións e sancións na orde social.

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada.

Desprazamento transnacional de persoas traballadoras.

Sinistralidade laboral.

Empresas de traballo temporal.



Eleccións sindicais.  
Enquisa conxuntural a fogares.  
Estatística de chamadas ao Centro de Atención ás Emerxencias 112.  
Enquisa estrutural a fogares (EEF).  
Indicadores de xénero.  
Indicadores de cohesión social.  
Estatística de protección de menores.  
Estatística sobre persoas beneficiarias da Risga e das axudas de inclusión social.  
Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais.  
Estatística de violencia de xénero.  
Superficies agrícolas.  
Explotación do Rexistro de gando bovino.  
Explotación do Rexistro de ovino e cabrún.  
Estatística de sacrificio de gando en matadoiros.  
Sector cunícola.  
Explotación do Rexistro vitícola.  
Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do Plan de desenvolvemento rural.  
Explotación do Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma.  
Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos.  
Enquisa de ocupación na pesca.  
Estatística de construción de edificios.  
Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León e Zamora.  
Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos.  
Prezos da terra.  
Explotación do Rexistro sobre prezos declarados polos compradores de leite.  
Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario.  
Índices de competitividade.  
Explotación do directorio de empresas e unidades locais.  
Indicadores do sector empresarial.  
Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil*.  
Cooperativas.  
Sociedades laborais.  
Contas económicas anuais.  
Contas económicas trimestrais.  
Produto interior bruto municipal.  
Marco *input-output*.  
Matriz de contabilidade social.



Sistema de indicadores da sociedade da información.

Empresas TIC de Galicia.

Estatística sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia.

Estatística da Administración electrónica nos concellos galegos.

Situación das TIC nos centros sanitarios.

## 2. Actividades estatísticas

Banco de series de conxuntura.

Accesibilidade á vivenda.

Indicadores de contexto do Plan estratéxico.

Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia.

Explotación do movemento natural da poboación.

Explotación dos movementos migratorios.

Explotación das afiliacións á Seguridade Social.

Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario.

EEF. Novas tecnoloxías.

Explotación do índice de produción industrial.

Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes.

Informe das variacións do índice de prezos de consumo.

EEF. Módulo sobre a poboación dependente.

Estudo sobre salarios.

Seguimento e análise da construción.

Pensións e outras prestacións.

EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil.

Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía.

Explotación estatística da información tributaria.

Explotación da mostra continua de vidas laborais.

EEF. Coñecemento e uso do galego.

EPA. Estatística de fluxos da poboación activa.

EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica.

EEF. Características básicas dos fogares.

A sociedade da información no medio rural.

Información estatística do Sistema sanitario galego.

Emprego no sector turístico galego.

Asistencia xurídica gratuíta.

Negociación colectiva.

Informe do paro rexistrado.

Estatística de permisos de marisqueo a pé.



Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas.

Calidade do aire.

Climatoloxía.

Enfermidades de declaración obrigatoria.

Rendementos de cultivos.

Estatística de produción da acuicultura mariña.

Indicadores de innovación.

Estatística de bibliotecas públicas.

Conciliacións individuais e colectivas.

Establecementos de acuicultura mariña.

